

PROXECTO EDUCATIVO IES DE MEAÑO



MEANOS



IES DE MEAÑO

Rúa dos Colexios, nº 14 Coiron-Dena 36967 Pontevedra

Tel.: 886151367 FAX: 886 151 368

E-mail: ies.meanho@edu.xunta.gal

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmeanho/>



PROXECTO EDUCATIVO IES DE MEAÑO

Índice

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1. O CENTRO.....	5
2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA.....	5
3. ALUMNADO E FAMILIAS.....	7
4. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS.....	8
5. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS.....	8
6. OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	9
7. MEDIDAS PRIORITARIAS.....	10
8. MECANISMOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PE.....	12
II. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	13
9. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO.....	13
10. CONTRIBUCIÓN A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	15
11. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	15
12. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.....	17
13. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	19
14. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO.....	20
15. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	21
16. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO.....	22
17. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO.....	23
18. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.....	23
19. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO.....	28



20. AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	29
21. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.....	29
22. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRÍCULO.....	30
III. ANEXOS.....	31



PROXECTO EDUCATIVO IES DE MEAÑO

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O presente documento elabórase durante os anos 2022 ao 2024, o anterior Proxecto Educativo data do ano 2010, así que require dunha actualización para adecualo a nova normativa en materia educativa, así como dunha nova visión que tente afrontar os retos que en materia educativa se nos presentan nesta sociedade do coñecemento.

Os diferentes documentos que conforman este Proxecto Educativo iranse revisando e adecuando o marco normativo vixente e ás liñas xerais e obxectivos marcados neste documento.

De todos os xeitos trátase dun documento vivo que se revisa e modifica cada curso escolar mediante a Programación Xeral Anual(PXA).

A **normativa de referencia** vixente no momento da elaboración do presente documento é a seguinte:

- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG, 9/08/1996)
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Publicidade para o conxunto da comunidade educativa:

Este documento será presentado , e aprobado de ser o caso, aos diferentes órganos colexiados e de goberno do centro e publicado na web do mesmo. Tratarase de incorporar a toda a comunidade educativa na elaboración de propostas que formen parte deste documento.

Data de aprobación : 28/06/2024

Data da última revisión : 06/2024 V1.1 2024



1. O CENTRO

O noso Instituto está situado no Concello de Meaño, concretamente no núcleo máis urbano deste, Dena. Comezou a funcionar no curso académico 1999-2000, e completa o período da escolaridade obrigatoria dos alumnos procedentes de dous Centros adscritos de Educación Infantil e Primaria, o CEIP "As covas" e o CEIP de "Coirón".

Neste centro os alumnos poden cursar **estudos dende 1º a 4º da ESO**. Se ben o centro **é de liña 3, na actualidade conta con liña 2** (dous grupos en cada nivel educativo).

Para o alumnado que quere continuar estudos non obrigatorios, contamos con Institutos de Bacharelato e Ciclos de formación Profesional en Vilalonga e Cambados, nun radio de 5 quilómetros.

O Instituto foi construído próximo o CEIP de Coirón-Dena, e a súa situación xeográfica é boa, xa que se atopa nun contexto de edificios educativos e deportivos, sen moitas edificacións particulares ó seu arredor e ben comunicado.

Comunicación:

Dirección: Rúa dos Colexios, nº 14 Coiron-Dena 36967 Pontevedra

Teléfonos: 886 151 367 Fax: 886 151 368

e-mail: ies.meanho@edu.xunta.gal

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmeanho/>

2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA

Socio-cultural: O concello de Meaño está formado por sete parroquias constituídas, a maioría delas por núcleos rurais. Só a parroquia de Dena, na que viven un 40% dos habitantes do concello, ten algúns elementos típicos dos núcleos urbanos.

É un concello de ámbito rural preto da costa Pontevedresa e de núcleos de crecente interese turístico. O número de alumnado inmigrante é escaso pero en incremento nos últimos anos.



Ademais das bibliotecas dos centros Educativos, o Concello conta cunha biblioteca Municipal, en Meaño. Tamén e tres Áreas Deportivas, situadas nas parroquias de Padrenda , Simes, Xil, e Dena, nas que se desenvolven diferentes actividades no ámbito deportivo.

Tamén é importante sinalar as actividades formativas da Casa da Música, que o Concello organiza cada curso, onde se imparten clases de música e instrumentos a un gran número de alumnos escolarizados en Primaria e Secundaria, que logo pasan, a maioría deles, a formar parte da Banda de Música Meaño.

Se ben non existe un problema de tráfico e consumo de drogas, non deixa de ser unha zoa próxima a zoas castigadas por esta lacra que determinan en boa medida a visión que o alumnado e as familias teñen deste problema e que convén ter en conta.

Económico: Existe unha coexistencia dunha actividade agrícola en todo o municipio, cunha actividade industrial e comercial, que é a que determina o nivel económico da maioría das familias do alumnado. O municipio conta cun polígono industrial, no que predominaban as empresas relacionadas coa construción, pero con mor da crise económica foi diminuindo, Do mesmo xeito, nos últimos anos estase a desenvolver unha actividade comercial no centro de Dena, relacionada coas actividades de restauración, supermercados e produtos agrícolas.

Agás contadas excepcións, a actividade agrícola das familias de Meaño constitúe unha actividade complementaria no ámbito económico, e que se desenvolve, na maioría das veces a tempo parcial, logo das tarefas industriais e comerciais. Estas actividades agrarias están centradas, nun 90% das familias, na *viticultura* da denominación de orixe Rias Baixas.

A distribución da poboación activa por sectores económicos ,é indicativa dos datos que se aportan, xa que o sector primario ocupa só ao 18% desta poboación; o 40% traballa no sector terciario de servizos e o 42% desenvolve a súa actividade no sector secundario diversificado entre a industria e a construción.



A maioría das familias viven en casas tipicamente rurais, Isto implica que o alumnado pode participar algo nas tarefas agrícolas, pero non supón isto unha diminución do seu tempo de ocio ou de dedicación a actividades deportivas e culturais, nas que participan moitos deles.

Lingüístico: Unha poboación maioritaria, en torno ao 90%, que usa o Galego como idioma habitual e que tamén posúe competencia, cando menos verbal, para expresarse en lingua castelá.

Un 10% da poboación usa o galego como lingua vehicular e que posúe unha competencia similar en castelá.

3. ALUMNADO E FAMILIAS

O tipo de poboación dá lugar a un alumnado heteroxéneo, pero que na maioría dos casos é cordial e respectuoso, pero con pouca iniciativa, autonomía, e interese por mellorar o seu rendemento escolar, o cal indica unha necesidade imperiosa de camiñar cara unha verdadeira aprendizaxe por competencias que dote o alumnado das ferramentas necesarias para desenvolverse no medio que os rodea.

Ademais a cultura do machismo segue a ser, nalgúns casos, un xeito de entender as relacións entre mulleres e homes, polo que é imprescindible levar a cabo actuacións neste eido.

Por outra banda se presentan cada vez unha porcentaxe maior de alumnado con NEAE que requiren medidas específicas de atención a diversidade.

A diversidade do alumnado existente esixe tamén potenciar a titoría individual do alumando para facilitar a súa integración no grupo e afondar na relación coas familias para conseguir compromisos delas en relación coa convivencia, coa formación e co rendemento do alumnado.

Familias: Aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría de familias responden ás seguintes características:

- Familias nucleares nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous.

- Un número cada vez maior de familias monoparentais como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.

4. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

O centro ten unha relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- Co concello co que colabora en aspectos fundamentalmente deportivos e culturais: actividades extraescolares, competicións deportivas, uso de instalacións, etc.
- Cos dous colexios de E. Primaria que están adscritos ao centro. Existe unha colaboración que coordinan os departamentos de orientación dos diversos centros, ademais de unha coordinación pedagóxica entre as diferentes áreas de coñecemento.
- Coas asociacións deportivas e culturais : Escola de música, Fútbol, balonmán, etc.

5. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución e que consideramos fundamentais neste contexto social, económico e cultural.

Os Departamentos Didácticos tomarán as medidas oportunas para incorporar nos currículos ensinanzas que incidan nunha verdadeira educación baseada en valores.

Os principais valores a fomentar desde o centro serán:

- A Tolerancia
- A Solidariedade
- Os valores democráticos
- O respecto á Diversidade apostando pola Pluralidade lingüística, relixiosa e cultural dos distintos pobos
- A igualdade/equidade de xénero.
- O sentido da responsabilidade, o esforzo e a honestidade.
- A creatividade e o pensamento crítico.



- O papel activo do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- Ensino en valores, no que se aprenda dentro dunha convivencia responsable, libre e solidaria, pero eficaz na resolución de problemas mediante a cooperación.

6. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

Obxectivos prioritarios que pretendemos acadar partindo deste proxecto educativo:

1. Camiñar cara a metodoloxías activas que permitan o alumnado acadar as competencias clave, e nas que o alumnado adquira un papel activo e o docente se converta en guía nese proceso de aprendizaxe.
2. Establecer mecanismos de avaliación que permitan reflectir de xeito veraz o nivel de adquisición das competencias clave do noso alumnado.
3. Estimular un clima de harmonía e convivencia no centro que favoreza a práctica docente e facilite o labor desenvolvida por cada membro da comunidade educativa.
4. Buscar a Formación integral do alumnado tanto en coñecementos coma en valores, e na adquisición das Competencias Clave.
5. Mellorar resultados académicos dos alumnado a vez que reducimos o número de alumnado que sae do sistema educativo sen a titulación correspondente.
6. Impulsar estratexias que favorezan a motivación, o interese polo estudo, creatividade o esforzo, a disciplina e a solidariedade e a implicación de xeito activo por parte dos membros da comunidade educativa.
7. Mellorar a atención a diversidade establecendo estratexias claras de actuación.
8. Impulsar a transformación educativa e a formación permanente do Profesorado.
9. Dar prioridade a educación para a igualdade entre mulleres e homes. a non discriminación e a prevención da violencia de xénero
10. Impulsar o centro como Comunidade de Aprendizaxe mediante estratexias que fomenten a participación e cooperación entre todos os membros da comunidade educativa e a contorna.

7. MEDIDAS PRIORITARIAS

1. Utilizar, de xeito prioritario, metodoloxías activas de ensino-aprendizaxe, nas que o alumno tome o papel protagonista, encamiñadas a que o alumnado acade de xeito eficaz as Competencias Clave.
2. Establecer protocolos para unha verdadeira avaliación por competencias. Fomentar a utilización de instrumentos de avaliación variados e de carácter competencial, e establecer criterios de cualificación onde se reduza o peso das probas de carácter memorístico.
3. Estudar a modificación de agrupamentos, tempos (horarios), espazos etc. encamiñados a favorecer a adquisición das competencias clave.
4. Impulsar a excelencia mediante a participación en programas de transformación educativa: Programas de Éxito Educativo, Contratos-Programa, Edixgal, Polos Creativos, Observa_Acción, Sección Bilingüe, Acreditación Alumnado en Linguas estranxeiras, ao rematar a ESO, participación do profesorado e alumnado en concursos e premios, programas europeos, etc.
5. Potenciar as Programacións Didácticas como documento de mellora no proceso de ensino-aprendizaxe. Modelo resumo para familias e alumnado.
6. Adecuar a oferta educativa a realidade da contorna e as posibilidades organizativas do centro.
7. Dedicar as horas de libre disposición de centro a "Reforzos Competenciais".
8. Establecer proxectos en cada área e nivel educativo integrados nas P.D.
9. Potenciar creación de contido polo alumnado
10. Biblioteca Creativa como canle para proxectos interdisciplinarios de APS (servizo a comunidade). O alumnado realiza accións reais de Voluntariado.
11. Crear GSC (Grupos de servizo comunitario) entre o alumnado de xeito que se convertan en axentes activos no funcionamento do centro.
12. Organizar actividades complementarias e extraescolares que redunden na formación integral do alumnado.
13. Optimizar os espazos e recursos: estudio da creación dunha aula creativa modular multi-usos (videoconferencia, audiovisuais,...), urbanizar o patio superior, pintar o centro (murais feitos polo

- alumnado), dotar ao pavillón das necesidades para poder ser utilizado, cando se precise, como salón de actos. (gradas desmontables, escenario...), estudar a modificación da sala de profesores (mobiiliario), e dos departamentos. (tirar tabiques)
14. Establecer protocolos da actuación no referente ás medidas de atención a diversidade. Explicar procedemento de actuación ANEAE, ao comezo de curso.(Claustro,CCP, Aval Inicial).Valorar desdobres e docencias compartidas. Maximizar os apoios na Aula. Programa Comprensión Lectora
 15. Facilitar a distribución das aulas en grupos co-educativos
 16. Reunión de coordinación de titoras por niveis.
 17. Impulsar as titorías individualizadas co alumnado.
 18. Incluír no PAT actividades de COEDUCACIÓN como estratexia para a igualdade
 19. Crear unha Comisión de igualdade entre mulleres e homes. Dinamizar a Comisión de Convivencia. Obradoiros de Igualdade para todo o alumnado. Participación do alumnado na Comisión de igualdade. Fomento das vocacións femininas nas áreas pouco representadas.
 20. Elaboración dun Plan de acollida do novo profesorado e alumnado.
 21. Impulsar o centro como Comunidade de aprendizaxe (CDA) : participación de familias na aula, escolas de Familias,"Xornada de CDA", xornada de acollida para o alumnado de primaria e de portas abertas para as familias etc.
 22. Cuestionario á comunidade educativa sobre o funcionamento do centro.
 23. Dinamizar xunta de delegados: Plan de Formación de Delegados e representantes no Consello Escolar. Elección dos delegados por sorteo, subdelegados por votación, orzamento propio, calendario reunións, modelos de actas de reunións, etc,
 24. Difundir os protocolos de funcionamento do centro entre toda a comunidade educativa. Publicación dos documentos do centro na web.
 25. Impulsar a participación de toda a comunidade educativa na elaboración dos documentos do centro.
 26. Impulsar o Programa de Estilos de Vida Saudable. Os tempos de lecer activos. Acreditar ao alumnado e profesorado como Provedores de SVB (Soporte Vital Básico).

27. Impulsar a CCP como órgano de coordinación pedagóxica: Compartir boas prácticas educativas nas CCP e Claustros
28. Establecer comisións para coordinan os programas de I+D+I. e maximizar a redución horaria para os equipos dinamizadores.
29. Establecer un calendario de reunións ao comezo do curso.
30. Realizar obradoiros de actualización para profesorado.
31. Coordinación pedagóxica cos centros adscritos (primaria e bacharelato).
32. Asentar a "Aula de atención individualizada" orientada a reconducir as condutas, mediante traballos para a comunidade, Carné Re-educativo de puntos.
33. Fomentar o Premio "CIR" (Compromiso, implicación e responsabilidade) entre o alumnado. Plan de mantemento e reciclaxe.
34. Impulsar o programa de "Habilidades sociais" nas titorías
35. Educar nas estratexias de actuación nas "REDES" (móbil, RRSS, etc.) para toda a comunidade educativa.

8. MECANISMOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PE

Para avaliar o proxecto educativo dispoñemos dos seguintes mecanismos e indicadores de logro:

Mecanismos Avaliación PE	Indicadores
PXA e Memoria Anual Correspondente	Avaliación positiva por parte do Claustro e do Consello Escolar
Proxecto de Dirección	Cumprimento do Proxecto
Avaliación de Inspección	Resultados da Avaliación



II. CONCRECIÓN CURRICULAR

9. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO DO CENTRO.

Os obxectivos da educación secundaria obrigatoria son os que figuran no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa adecuación ao contexto do centro concrétese nos seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade activa entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas e emocionais en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con iniciativa e sentido crítico. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar na reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en áreas de coñecemento, así como coñecer e aplicar os métodos



para identificar e resolver os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver e afondar no espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades, participar de forma activa na organización e desenvolvemento das actividades do centro.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

10. CONTRIBUCIÓN A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A contribución de cada materia a adquisición das competencias clave ven determinada polo **perfil de saída** das diferentes áreas e materias, que se establecen no currículo, e se concreta a través do deseño das diferentes programacións didáctica no aplicativo "Proens".

"Proens" emprega a información do perfil de saída e a das programacións didácticas (as vinculacións dos obxectivos cos descritores operativos das competencias clave, os pesos orientativos outorgados polo profesorado aos criterios de avaliación nas unidades didácticas, e a relación entre os criterios de avaliación e os obxectivos nese nivel) así como a información das áreas/materias/ámbitos (o número de sesións semanais). A partir destes datos, a aplicación Proens realiza o cálculo de como contribúe cada área/materia/ámbito na cualificación de cada unha das competencias clave.

Desde o centro establecemos unha serie de medidas, que se describen no apartado I.7 e no II.4, deste documento, que pretenden axudar a que a adquisición das competencias clave por parte do alumnado sexa o máis axeitada posible.

11. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Para incorporación aos currículos dos *elementos transversais* e dos *valores prioritarios* que se establecen neste documento no punto 1.5, se implementarán as seguintes medidas:

1. Os Departamentos Didácticos incluírán nas súas **programacións didácticas as accións a realizar** e a unidade didáctica na que se traballarán os seguintes **elementos transversais**:



- a. *comprensión lectora*
- b. *expresión oral e escrita*
- c. *comunicación audiovisual*
- d. *educación cívica e constitucional*
- e. *competencia dixital*
- f. *emprendemento social e empresarial*
- g. *fomento do espírito crítico e científico*
- h. *educación emocional e en valores*
- i. *igualdade de xénero*
- j. *creatividade*

En todo caso, fomentaranse **de maneira transversal**

- k. *educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual,*
- l. *formación estética*
- m. *concienciación e formación sobre o cambio climático*
- n. *a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable*
- o. *o respecto mutuo e a cooperación entre iguais*
- p. *prevención e resolución pacífica de conflitos*
- q. *valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.*

2. No **Plan de Acción Tutorial** programaranse actividades enfocadas ao tratamento dos principios pedagóxicos establecidos neste documento, así como dos elementos transversais mencionados anteriormente
3. Na **Concrección anual do Plan de Convivencia e do Plan de Igualdade** programaranse accións a desenvolver durante os períodos lectivos, encamiñadas ao tratamento dos valores facendo especial incidencia nas *accións coeducativas encamiñadas a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero.*
4. O **Proxecto Docuental Integrado (PDI)** de centro e a **metodoloxía ABP instaurada no centro**, aproveitarase para o tratamento destes principios e elementos transversais.
5. **Actividades de Aprendizaxe-Servizo a comunidade (APS):** Fomentaranse a realización de proxectos de *Solidaridade activa, nos*



que o alumnado realice actividades de servizo a comunidade, serán coordinadas desde o equipo de biblioteca e as áreas de relixion e valores.

6. Os **GSC (Grupos de servizo comunitario)**, nos que o alumnado se converte en axente activo no desenvolvemento de diferentes actividades (organización de eventos, xestión da biblioteca, axentes TIC, mantemento do centro, etc.) dentro do centro, permitirán abordar moitos dos principios pedagóxicos e elementos trnsversais comentados anteriormente.

12. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.

Tendo en conta os principios e orientacións pedagóxicas establecidos na Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 26/09/22), e a ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, **a metodoloxía basearase nos seguintes criterios:**

1. Desenvolver unha metodoloxía eminentemente activa e participativa, orientada cara o estímulo do espírito crítico do alumnado e ao logro dos obxectivos das competencias clave, favorecendo un clima de participación e traballo individual e cooperativo. *A distribución do alumnado nas aulas será por defecto en grupos heteroxéneos na medida do posible en canto a capacidades, motivacións, xénero, etc.*
2. Guiar e mediar na aprendizaxe, procurando espertar a capacidade de aprender a aprender, a autonomía, iniciativa persoal e o espírito crítico entre o alumnado. A aprendizaxe realizarase principalmente de modo activo e reflexivo, para que o alumnado poida acadar as súas propias conclusións. Para iso se favorecerán as metodoloxías de proxectos/ investigación, deseño de situacións de aprendizaxe, entre outras, desenvolvendo *Unidades Didácticas de Proxectos en todos os niveis de cada área/materia baseadas no deseño universal de aprendizaxe (DUA)*.
3. Procura do traballo en equipo do profesorado con enfoque multidisciplinar, con coordinación entre todos os membros do equipo

docente. As posibles repeticións de *aspectos comúns nos currículos e os proxectos de nivel e internivel, se coordinarán a través da CCP.*

4. Ter en conta como principio á diversidade do alumnado, atendendo de xeito individualizado as necesidades de cadaquén, con medidas de reforzo cando se detecten dificultades, de carácter organizativo e curricular.
5. *Dedicar tempo á realización de mapas conceptuais, resumos, e a lectura, nas diferentes áreas/materias para favorecer a comprensión lectora e de uso da información.*
6. Procurar o *uso activo das tecnoloxías da información e a comunicación* no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Impulsar a participación do centro en proxectos que favorezan a dispoñibilidade de recursos para o alumnado no eido das TIC.
7. Proxectar e ordenar actividades integradas de tal modo que o alumnado teña unha guía sistemática no proceso de aprendizaxe, que favoreza a adquisición de máis de unha competencia ao mesmo tempo. Para iso levarase a cabo o *Proxecto Documental Integrado (PDI)* que se impulsará desde a Biblioteca a través dunha folla de ruta, á que poderá contribuír cada area/materia mediante o deseño de *Proxectos, de nivel ou internivel*. Tamén se levarán a cabo *proxectos de aprendizaxe-servizo á comunidade (APS)* nos que o alumnado desenvolva actividades de solidariedade activa na contorna.
8. Avaliar continua, global e individualmente o proceso de ensinanza-aprendizaxe utilizando instrumentos de avaliación variados e *evitando que as probas de carácter memorístico sexan o único elemento para determinar a cualificación do alumnado* e polo tanto o grao de consecución de obxectivos e de adquisición das competencias clave.
9. *Utilizar ferramentas de retroalimentación na avaliación* co alumnado, permitindo, cando así se considere, entregar de novo certas tarefas. Procurar a participación do alumnado no proceso de avaliación e coavaliación impulsando a súa autonomía persoal.



10. *Impartir as linguas de xeito integrado*, favorecendo os coñecementos e experiencias que contribúan á competencia comunicativa plurilingüe. *Recoller no Proxecto lingüístico, medidas concretas*, tanto curriculares, metodolóxicas, terminolóxicas, de contidos, criterios de avaliación que sexan similares nas distintas linguas, de xeito que evite a repetición de aspectos comúns na aprendizaxe.
11. Adóptanse os seguintes *criterios xerais sobre o uso das tarefas fora do horario lectivo*: Racionalidade, seleccionadas e non repetitivas, datas de entrega consensuadas co alumnado e evitar, na medida do posible, tarefas para o día seguinte.

13. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Procurarase o uso de **recursos didácticos variados**(libros dixitais, recursos na web, libros impresos, etc.) tratando de centralos nun **curso creado na plataforma virtual** para que o alumnado teña unha estrutura organizativa máis efectiva, e permita unha re-utilización de cara a vindeiros cursos facilitando a labor do profesorado alumnado e familias.
- O centro estará integrado no **proxecto Eixgal**, polo que todo o alumnado disporá de ordenador. *Deseñaranse tanto actividades que requiran o uso do ordenador e outras que non o requiran*. O ordenador será un recurso máis como o caderno ou o bolígrafo.
- Fomentarase a utilización entre o alumnado de *carpesano ou a posibilidade de compartir cadernos para reducir o peso das mochilas*
- *Todos os espazos* do centro terán a consideración e *posibilidade de utilización coma espazos educativos e estarán abertos e a disposición do profesorado que o solicite*. Na utilización das aulas específicas terá preferencia o profesorado da materia asociada á devandita aula.

14. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

A oferta educativa virá determinados por:

- A lexislación vixente
- Análise das posibilidades máis axeitadas para a continuidade de estudos do alumnado
- As posibilidades organizativas do centro (nº de profesorado, profesorado especialista,)
- Tentar evitar que a oferta obrigue a facer grupos segregados polas optativas elixidas en lugar de estar confeccionados con criterios pedagóxicos
- ESO: dúas liñas de 1º a 4º ESO
- Os [itinerarios e oferta de materias optativas](#) poden consultarse na web do centro. Son bastante dirixidos dado que ao ser un centro con pouco profesorado non permite a realización de itinerarios moi abertos. En todo caso están deseñados seguindo criterios pedagóxicos e de posibilidades de organización do centro, e tratando de orientar ao alumnado e non crear expectativas que posteriormente non se poderían abordar dadas as características do centro.
- Sección Bilingüe en 3º ESO na materia de EPVA. Seleccionaranse un máximo de 25 alumnos (mínimo 12) seleccionados por orde segundo o seguintes criterios:
 1. Maior nota na materia de Inglés en 2º ESO, sendo necesario acadar como mínimo un 5.
 2. Maior nota media no curso de 2º ESO
- As *horas de libre disposición de centro* adicaranse a “*reforzos competenciais*”, para reforzar as Competencias Clave mediante a realización de actividades onde o alumnado teña un papel activo e das que se derive un produto final realizado polas alumnas/os.
- Os proxectos competenciais estarán enfocados á afondar na adquisición das competencias clave por parte do alumnado, mediante proxectos nos que o alumnado teña un papel activo e que permitan unha aprendizaxe máis informal e extracurricular.

15. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un complemento ás actividades lectivas que se desenvolven no centro educativo.

- Terán carácter de **complementarias** aquelas actividades que realice o alumnado **en horario lectivo** e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de Estudos, conmemoracións e outras semellantes. *A participación por parte do alumnado é obrigada* nas actividades complementarias, e poden ser obxecto de seren avaliadas na materia dende a que se fai a proposta.
- Terán carácter de **extraescolares** aquelas actividades que, sendo organizadas polo Centro e figurando na programación xeral anual aprobada polo Consello Escolar, realízanse **fóra do horario lectivo** e nas que a participación é voluntaria.
- Ao comezo de cada curso académico, dentro da Programación Xeral Anual, o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares elaborará, coas achegas dos departamentos didácticos, a correspondente programación das actividades complementarias e extraescolares, que deberá ser aprobada polo Consello Escolar.
- Os departamentos nas correspondentes **Programacións didácticas**, contemplarán a previsión de actividades complementarias e extraescolares a desenvolver durante o curso.
- No caso de actividades que xurdan ao longo do curso, comunicarase coa suficiente antelación ao Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares e a xefatura de estudos para facilitar a boa organización das mesmas, nestes casos o Consello Escolar poderá delegar na Dirección do Centro a aprobación da súa realización.
- O profesorado que por mor dalgunha destas actividades non tivera clase, ten a obriga de permanecer no Centro nas horas correspondentes o seu horario, e se fora o caso servir de apoio na

realización ou organización de Actividades Complementarias e Extraescolares.

- As actividades complementarias e/ou extraescolares que se fagan fóra do centro contarán coa autorización dos pais ou representantes legais do alumno/a.
- O alumnado será acompañado polo profesorado correspondente, na proporción de 20 a 1.

16. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO

1. Cada departamento incluirá na súa *programación didáctica* o procedemento a seguir para o tratamento de alumnado coa materia pendente.
2. O **"Plan de reforzo de alumnado con materias pendentes"** , será elaborado polo profesor da materia pendente, baixo as directrices do departamento diáctico, e seguindo o *modelo normalizado do centro*.
3. O **Titor de Pendentes** entrevístase co alumnado con materias pendentes ao comezo do curso, e realiza reunións personalizadas e individualizadas con cada alumno (mínimo unha), co obxecto de coñecer as dificultades que ten cada alumno/a, as súas expectativas, redirixilos (de ser preciso), fixar metas e motivalos cara a consecución das mesmas.
4. Nas **sesións de avaliación** realizarase un **seguimento** do Plan de Reforzo do alumnado con materias pendentes, e nas avaliacións introducirase a cualificación das materias pendentes en xade,



17. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO.

- Realizárase un **Plan específico personalizado para o alumnado que permanezca un ano máis no mesmo curso** seguindo un *modelo normalizado de centro*.
- O seguimento do Plan Específico realizarase nas sesións de avaliación e correrá a cargo do titor/a do alumnado co asesoramento do departamento de orientación.

18. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.

Criterios xerais sobre procesos e procedementos de avaliación.

- O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Procurar a participación do alumnado no proceso de avaliación e co-avaliación impulsando a súa autonomía persoal.
- Redactar os criterios de cualificación de xeito claro e sen ambigüidades, e explicarllos ao alumnado ao comezo do curso.
- Procurar a utilización de instrumentos de cualificación diversos e que permitan ao alumnado demostrar as súas capacidades e determinar con efectividade o grao de adquisición dos obxectivos e das competencias por parte do alumnado.
- Avaliar continua, global e individualmente o proceso de ensinanza-aprendizaxe coa recomendación de que nos criterios de cualificación das correspondentes programacións didácticas non se supere a porcentaxe do 70% na contribución das probas escritas.



- Procurar o deseño de instrumentos de avaliación que non se baseen unicamente na memorización de contidos.
- Utilizar as sesións de avaliación para realizar propostas para a mellora dos resultados do alumnado. Seguir o modelo de actas das avaliacións.

Avaliación inicial.

- Especificar na programación didáctica de cada departamento, de xeito claro, o procedemento de avaliación inicial incluíndo modelos de probas e instrumentos de avaliación(rúbricas...).
- Especificar na programación o tipo de medidas que se adoptarán en función dos resultados da avaliación inicial (apoios, reforzos, ACI...).
- Na sesión de avaliación inicial que se levará a cabo ao comezo do curso tomaranse decisións sobre posibles medidas (apoio, reforzo, ACI...) a adoptar co alumnado que o precise, e rexistraranse en acta.

Criteriaos xerais de promoción e titulación do alumnado.

Serán os recollidos na normativa vixente en cada momento.

PROMOCION

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente **poderá**



decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, *sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:*

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV (Decreto 156/2022) das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

TITULACION

Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 (Decreto 156/2022), e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente **poderá** decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:



- A. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- B. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída. Para cumprir esta condición será necesario que teña todas as competencias con cualificación positiva
- C. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

A modo de Resumo:

Promoción: Na avaliación Final

1. Con máximo dúas materias calquera suspensas (pendentes computan)
2. **Con máis de 2 materias suspensas: Poderase decidir** sempre que se **cumpran todas as condicións seguintes** :
 - a. Teña media maior ou igual que cinco.(pendentes computan)
 - b. Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. (Non computan pendentes nin horas de LDC)
 - c. Que as materias non superadas non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - d. Que ten expectativas favorables de recuperación.
 - e. Que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Titulación: Na avaliación Final

1. Con todas as materias/ámbitos con avaliación positiva (pendentes computan)
2. **Con algunha materia suspensa: Poderase decidir** a titulación, sempre que se **cumpran todas estas condicións**:
 - a. Teña media maior ou igual que cinco (pendentes computan).
 - b. Acade os obxectivos da etapa.
 - c. Todas as competencias clave con avaliación positiva

Grado de consecución dos obxectivos da etapa.

Criterios para determinar o grao de adquisición dos obxectivos da etapa:

a) **Non acadou** os obxectivos: Alumnado que cumpre **algunha destas condicións**:

- Que a xuízo do equipo docente non alcanzase ditos obxectivos da etapa.
- 1 ou máis competencias con cualificación "Insuficiente"
- A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa inferior a cinco.

b) **Acadou os obxectivos de xeito Destacado**: alumnado con todas as materias aprobadas e 4 ou máis competencias con cualificación de "Notable" ou "Sobresaínte"

c) **Acadou os obxectivos Suficientemente** : o alumnado que estea no resto de casos

Procedemento de revisión e de reclamacións ao longo do curso e as cualificacións finais.

- Reclamación de Cualificacións ao longo do curso:
 1. Explicar con claridade o procedemento de cualificación.
 2. Entrevista do alumnado co profesor.
 3. Entrevista do docente coas familias.
 4. Solicitud de copias de exames mediante modelo.
 5. Entrevista das familias coa Xefatura de estudos.
- Reclamación ás Cualificacións finais:
 1. Antes da entrega dos boletíns da avaliación ordinaria o profesorado *explica ao alumnado o resultado do proceso de avaliación do curso.*
 2. Os titores legais do alumnado ou o alumnado en caso de ser maior de idade poden *solicitar e entregar o **formulario de reclamación ante o departamento** en Secretaría. no prazo de **dous días lectivos**, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do*

día seguinte a aquel en que se produciu a comunicación da cualificación.

3. O departamento unha vez analizada a reclamación emite resolución á mesma mediante modelo de informe. (1º día hábil despois de finalizado o período de solicitude de revisión).
4. Xefatura de estudos informa da resolución aos titores legais, e entrega copia do informe a persoa docente titora.
5. Xefatura de estudos e a persoa titora docente, se o consideran necesario (promoción/titulación), convocarán reunión extraordinaria do equipo docente.(max. 2 días hábiles). Acta da sesión e *comunicación por escrito aos titores legais da decisión*.
6. Os titores legais do alumnado, ou o alumnado en caso de ser maior de idade, de non estar de acordo coa resolución, poden realizar a solicitude de **reclamación ante Xefatura Territorial**, mediante presentación por escrito,(modelo) ante a dirección do centro. (máximo 2 días hábiles despois da comunicación)

19. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha **nota media do cuarto curso igual ou superior a nove** puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como *máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso*. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. En caso de ser maior o número de alumnado susceptible de dita distinción, do que recolle a norma, inclúense, por orde, os seguintes **criterios de desempate**:
 1. *Maior nota media da etapa.*
 2. *Maior nota media do cuarto curso da ESO.*
 3. *Maior número de 10,9,8,7,6 (nesa orde) en cuarto curso da ESO*
 4. Decisión colexiada da xunta de avaliación.

20. AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

- As programacións didácticas realizaranse a través do aplicativo PROENS, polo que haberá que seguir o modelo e os criterios xerais establecidos pola administración a través deste aplicativo.
- Realizarase o segmento e avaliación das programacións a través do aplicativo PROENS, e que servirán de base para introducir as modificacións que se considere na programación do curso seguinte.
- As programacións didáctica publicaranse cada ano na web do centro, mentres non sexa posible consultalas pola comunidade educativa a través de PROENS.
- Compartir experiencias do profesorado, nas CCP e Claustros, mediante obradoiros, que permitan mellorar a actividade docente e o deseño das programacións didácticas
- Ao comezo de curso, cada docente explicarlle ao alumnado os criterios de cualificación da materia,, e publicará no curso da aula virtual un resumo da PD que inclúa

21. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

- O centro buscará participar en cantos plans, proxectos e programas consideren os órganos de goberno , sempre buscando a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado e valorando as posibilidades organizativas do centro.
- O centro promoverá preferentemente a participación en proxectos, plans e programas organizados pola consellería de educación ou polo ministerio de educación.
- Os proxectos plans e programas nos que participa o centro son propostos na programación xeral anual de centro e aprobados nos correspondentes órganos de coordinación e goberno do centro.

- As diferentes comisións dinamizadoras do centro presentan un Plan anual coas medidas concretas a desenvolver segundo modelo establecido no centro, no medio do curso lévase a CCP o desenvolvemento dos diferentes plans anuais para o seu análise, e finalmente elaboran unha memoria anual que se presenta para a súa avaliación nos órganos de goberno do centro ao remate de cada curso escolar.

22. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRÍCULO

Medidas	Recursos	Temporalización
Seguimento da concreción curricular nas CCP e Claustros e actualización normativa	Punto na orde do día das CCP e claustros	Mensual
Análise da Memoria Anual no Claustro e Consello Escolar. Propostas de mellora.	Memoria anual. Dirección	Xuño
Análise dos informes de Resultados Académicos. Propostas de mellora no Claustro.	Informes elaborados por Xef Estudos	En cada avaliación.
Avaliación do proceso de ensino: grao de cumprimento das P.D. e propostas de mellora.	Memorias P.D. CCP	Xuño

III. ANEXOS

Os seguintes documentos forman parte do proxecto educativo do centro e se achegan como Anexos ao mesmo. Poden consultarse na seguinte ligazón da páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmeanho/taxonomy/term/149>

- NOF (Normas de organización e funcionamento)
- PLAN DE CONVIVENCIA
- PLAN DE IGUALDADE
- PXAD(Plan xeral de atención a diversidade)
- PAT (Plan de acción tutorial)
- POAP (Plan de orientación académico profesional)
- PLC (Proxecto lingüístico de centro)
- PLAN DIXITAL_2022_23 Plan Dixital 2023_24
- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
- PEVS (Proxecto de promoción de estilos de vida saudables)

Este proxecto educativo foi debatido na CCP e posteriormente sometido a debate e aprobación do claustro realizado con data 28 de Xuño de 2024.

Unha vez aprobado será publicado na web do centro e avisarase ás familias da súa publicación a través de abalar. Tamén se informará no seguinte consello escolar

Data publicidade na páxina web do centro : 05 de Xullo de 2024


Datas información ás familias/alumnado a través de Abalar móbil: 05 de Xullo de 2024

Meaño a 24/05/2024

OUTROS APARTADOS

COORDINACIÓN ENTRE DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA NOS ASPECTOS CURRICULARES. AS DINAMIZACIÓNS PEDAGÓXICO-CURRICULARES. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN.

A estrutura organizativa dos diferentes sectores da comunidade educativa, así como as súas prioridades de actuación, que permitirán unha coordinación entre os mesmos, artéllase como se reflicte no seguinte esquema:



Algúns dos aspectos singulares no referente a coordinación e dinamizacións pedagóxico-curriculares do IES de Meaño, son os seguintes:

- **Área de I+D+I estruturada en comisións** de traballo coas súas correspondentes atribucións horarias e das que dependen todos os programas educativos do centro
- **Observación de Aula:** Os docentes que o desexan abren as portas da súa aula para que os compañeiros de claustro observen o desenvolvemento dunha clase.



- **Coordinación pedagóxica cos centros de primaria e bacharelato:** Grupo de profesores que manteñen reunións cos compañeiros dos centros adscritos para coordinar aspectos pedagóxicos-curriculares.
- **Dinamizacións das CCP e Claustros:** O profesorado expón actividades, proxectos, instrumentos de avaliación que desenvolve na aula. Na CCP abórdase o currículo integrado nos diferentes ámbitos.
- **Dinamización da xunta de delegados:** Levantan acta das reunións. Elevan propostas ao consello escolar e posteriormente dan conta do tratado no mesmo. Dispoñen dun orzamento propio para invertir no centro.
- **Cursos de actualización TAC:** Na derradeira semana de xuño e primeira de setembro o profesorado recibe formación nas ferramentas TAC (Edixgal, Abalar, Additio, Google WorkSpace, etc..) e comparte experiencias de traballo.
- **Grupos de Servizo comunitario:** O alumnado como axentes activos na vida do centro, son grupos de alumnado voluntarios, segundo os seus intereses que deseñan e desenvolven diferentes actuacións no centro (servizos a Comunidade, uso das TIC, mantemento, etc.)



III. PROXECTO DE XESTIÓN. ¿Cómo utilizamos os recursos?

1. PROXECTO DE XESTIÓN ECONÓMICA

Plan de obtención de recursos complementarios

2. PROXECTO DE XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Recursos humanos, espaciais e materiais. (Criterios pedagóxicos para asignación de materias aos Dptos. e dentro dos Dptos, asignación espazos e materiais, orzamentos..)



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA
MEAÑO



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia